

A “EDUCACIÓN” no Arquivo Municipal de Betanzos e no Museo das Mariñas¹

ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ

NO ARQUIVO MUNICIPAL

A principios de 1981, cando empecei o meu traballo no Arquivo Municipal de Betanzos, todo o que había desta suposta institución eran (e menos mal) montóns de papeis tirados sen orde nin concerto en varios edificios (algúns ruinosos) do concello. Particularmente importantes, polo seu volume e pola súa antigüidade, eran os que estaban nun edificio que fora do antigo “moesteiro” de San Francisco e que se coñecía como “Antiguas Escuelas de San Francisco”, xa que, logo da desamortización eclesiástica de 1836, tivera ese destino. Estaban sobre un piso a punto de derrubarse e sobre el caían múltiples goteiras do tellado destartado. A imaxe de abandono era total. E, por suposto, tamén houbo roubos naquel lugar desolado, como os houbo no antigo Hospital de San Antonio cando, en estado tamén de abandono, os papeis andaban tirados por todas partes e a onde accedía calquera: aquí trasladárase a administración municipal por obras no edificio do concello e nunca se devolveran os documentos ao lugar que lles correspondía.

Centralizados no único piso de formigón que daquela había, na Cárcere do Partido Xudicial, o lento e penoso proceso de poñer cada cousa no seu lugar empezou e continuou por moitos anos. Co tempo tiveron a colaboración inestimable do meu compañeiro e amigo José María Veiga Ferreira e, puntualmente, algunhas persoas (bolseiros ou non). Deste xeito, empezamos a separar os arquivos e, dentro deles, as seccións, subseccións e series.

Desde un punto de vista da pureza técnica arquivística, o obxectivo final debería ser conseguir que cada papel solto, cada expediente, cada libro, tivera o seu lugar na estrutura administrativa que o produciu. Esa idea estivo sempre clara, pero é evidente que expresións como “docs. relativos a” denota que aínda se pode perfeccionar a organización. Aínda así, o resultado ó que chegamos sirve xa para que o investigador poida acceder ós documentos e realizar os seus traballos.

Que atopamos, pois, no Arquivo Municipal de Betanzos relativo ó mundo da Educación? En primeiro lugar, a sección EDUCACIÓN lévanos a coñecer as escolas de Ensino Primario, as xuntas e comisións de Educación e os centros de Ensino Secundario e Profesional nun amplo período que, con lagoas, vai de 1564 a 1997.

Están os temas de Educación soamente nesta sección? Non, poden atoparse tamén en case todas as demais. Por exemplo, e para un estudio fino, deberían verse series como: actas capitulares, correspondencia, expts. de persoal, expts. de orde pública, diversos tipos de expts. de Cultura (actividades que inclúan colexios, institutos, museos, etc.)... Como sempre, a exploración dependerá dos obxectivos que o investigador procure.

¹ Este traballo foi publicado en *Murguía: Revista Galega de Historia*, nº 27-28, 2013, pp. 203-210.

Arquivo Municipal de Betanzos Sección: EDUCACIÓN		
Subsección	Serie	Anos límite
Escolas de Ensino Primario	Exts. e docs. relativos á fundación “Colegio de Huérfanas”	1564-1979
	Exts. e docs. relativos á fundación “Cátedra de Latinidad”	1602-1993
	Expts. relativos a escolas de Betanzos e provincia	1779-1830
	Solicitudes de axudas escolares	1836-1990
	Estadística escolar	1839-1954
	Expts. de exames escolares	1840-1842
	Expts. e libros rexistros escolares	1841-1939
	Expts. de contas xustificadas das escolas públicas do concello de Betanzos	1876-1902
Xuntas e comisións de Educación	Libros de actas e expts. da “Comisión Local de Instrucción Primaria”	1839-1910
	Libros de actas da “Junta Local de Escuelas”	1855-1882
	Libros de altas e expts. de nomeamento e composición da “Junta Local de Primera Enseñanza”	1857-1932
	Correspondencia das xuntas e comisións de Educación	1870-1970
	Expts. de constitución e renovación da “Junta Local de Instrucción Pública”	1873-1908
	Expts. de xuntas e comisións de Educación	1848-1997
	Docs. relativos a material pedagógico escolar	1919-1945
	Libros de actas do “Consejo Local de Primera Enseñanza”	1935-1949
	Libros rexistro de entrada de correspondencia do “Consejo de Primera Enseñanza”	1935-1992
	Libros rexistro de tomas de posesión e ceses de persoal de Ensino da “Junta Municipal de Primera Enseñanza”	1944-1974
	Libros de actas da “Junta Municipal de Primera Enseñanza”	1948-1949
	Libros rexistro de correspondencia da “Junta Municipal de Primera Enseñanza”	1948-1965
	Actas e expts. do “Consejo Municipal de Educación”	1985-1988
Centros de Ensino Secundario	Libros de acordos do claustro e outros docs. do “Instituto Libre de Segunda Enseñanza”	1869-1874
	Actas da “Junta Mixta Administrativa” e outros docs. do “Colegio Privado de Segunda Enseñanza”	1878-1925
	Exts. e docs. relativos ó “Instituto de Segunda Enseñanza”	1931-1937
Ensino Profesional	Expts. relativos á “Escuela de Orientación Profesional y Pre-Aprendizaje”	1947-1997
	Expts. de cursos concertados	1988

No intento de salvar e logo organizar os demais arquivos de Betanzos, aínda que non fosen municipais, certo día chegamos José María e máis eu ao abandonado edificio das “Escuelas García Hermanos”. Parecía que pasaran por alí sucesivas colimaías co obxectivo de desfacer todo o que ulise a Cultura. A pesar de todo, aínda conseguimos salvar algunhas pezas do Museo Escolar e cando chegamos á “oficina” onde se levaba administrativamente a institución, vimos que o teito era o ceo infindo e andabamos sobre montóns de papeis vellos e mil veces mollados, secados e voltos a mollar. Pois ben, aqueles papeis démonos conta que eran o que quedaba do Arquivo das escolas e recollémolos todos para aplicarlles, a continuación, a técnica ensaiada co Arquivo Municipal. O resultado foi, para a nosa sorpresa, que unha boa parte dese Arquivo das Escolas García Irmáns se poido salvar.

Arquivo Municipal de Betanzos Arquivo das Escolas García Irmáns		
Sección	Serie	Anos límite
Goberno	Regulamentos e memorias xerais	1880-1935
	Lexislación de referencia	1902-1948
	Actas da “Junta Patronal” da “Fundación Asilo y Escuelas García Hermanos”	1908-1967
Patrimonio	Escrituras notariais, planos e outros	1882-1966
	Docs. relativos ó patrimonio arxentino	1905-1958
	Docs. relativos a donativos	1908-1958
	Pólizas de seguros e afíns	1912-1954
Correspondencia	Oficios e correspondencia de entrada	1906-1960
	Correspondencia de saída	1912-1958
	Libros copiadores de cartas	1914-1934
Actividade escolar	Programas, bibliografía e material escolar	1908-1950
	Recortes de prensa	1913-1956
	Calificacións escolares	1914-1974
	Certificados eclesiásticos e médicos relativos ós alumnos	1914-1956
	Relacións de faltas de asistencia e comportamento dos alumnos	1922-1950
	Relacións de alumnos	1924-1967
	Notas pedagóxicas, antropométricas e de clasificación	1924-1957
	Memorias escolares	1927-1928
	Exercicios escolares	1929-1962
	Libros de visitas de inspección	1931
	Libros rexistro de “Libretas de los mutualistas de la Mutualidad Escolar García Hermanos”	1925-1937
Beneficencia	Libros de actas da “Mutualidad Escolar García Hermanos”	1925-1938
	Docs. da “Mutualidad Escolar García Hermanos”	1925-1943
Persoal	Docs. relativos a persoal	1914-1958
Facenda	Ordes de ingresos e pagos	1914-1961
	Facturas, recibos e liquidacións	1914-1957
	Libros e expts. de contas e docs. afíns	1914-1959
	Expts. de presupostos	1914-1948
	Docs. relativos a impostos	1933-1955
	Recibos da Banca Núñez	1944-1957
	Libros oficiais de pago de haberes	1938-1953

NO MUSEO DAS MARIÑAS

Paralelamente ao traballo do Arquivo Municipal e de salvamento de todos os demais que poidemos atopar, íase montando o Museo das Mariñas (inaugurado en 1983) e nel, sobre todo a partir da reinauguración de 1993, a Historia da Educación en Betanzos tivo un papel importante, ao ocupar o corredor alto oeste do que fora convento de Santo Domingo.

No traballo “Betanzos pedagóxico” do Anuario Brigantino 2008² expuxen xa, non soamente os contidos máis pedagóxicos do Museo das Mariñas, senón tamén os da cidade mesma, co complemento extraordinario do parque O Pasatempo. E remataba cun “aporte bibliográfico de Betanzos á Historia da Educación” que, sen dúbida, se pode ampliar cunha pescuda máis fina en vellas publicacións locais e na mesma “Hemeroteca Virtual de Betanzos”³ que, como é sabido, se pode consultar íntegramente en Internet,

² [<http://anuariobrigantino.betanzos.net/Ab2008PDF/2008%20529-552.pdf>]

³ [<http://hemeroteca.betanzos.net/>]

debendo ser o único concello de Galicia que abriu ó público todas as súas publicacións periódicas históricas, que chegan ata os nosos días, tendo en conta, entre outras, que o Anuario Brigantino tamén se pode consultar íntegramente en Internet⁴.

Ademais, nos últimos anos, por marzo, organizamos o “Ciclo de Conferencias do Anuario Brigantino” que inmediatamente se suben en vídeo á web da revista. Así temos a do 15-03-2012, pronunciada polo investigador José Manuel Domínguez García, titulada “Noticias y documentos acerca de la evolución de la historia de la enseñanza en Betanzos: Antiguo Régimen - siglo XIX”⁵.



Fig. 1.- Unha das numerosas visitas escolares ó Museo das Mariñas. Aquí, nenos de Mugardos na zona adicada ás ANTIGAS ESCOLAS. Foto: Erias.

Pois ben, recollendo algo do exposto no Anuario Brigantino 2008, hai que lembrar que, en tempos modernos, o Museo das Mariñas foi o primeiro que tivo en Galicia un espazo significativo dedicado ó mundo das antigas escolas. As pezas proceden non soamente das «Escuelas García Hermanos», senón tamén de outras anteriores de carácter municipal. Iso explica que teñamos unha extraordinaria e moi rara colección de mapas escolares de 1865-67 (estaban enrolados debaixo do tellado do concello e foron salvados por don Francisco Díaz Pereira), editados en Barcelona por Esteban Paluzié y Cantalozella: Asia (1865), América (1866) e África (1867). A colección continúa con mapas posteriores editados tamén en Barcelona por José Paluzié: *España, Portugal y posesiones españolas* (1898) e Europa (1903). A isto hai que unir un fermoso mapa en

⁴ [<http://anuariobrigantino.betanzos.net/>]

⁵ [http://www.youtube.com/watch?v=_dTligN0lz4]

relevo procedente das «Escuelas García Hermanos» de finais do s. XIX probablemente, fabricado por «Perlado Páez y Compañía, Madrid».

Espectaculares e moi raros son dous aparellos das «Escuelas García Hermanos», denominados cada un deles «Aparato mecánico para la colocación de láminas y mapas». Construíronse en Burgos a mediados do s. XIX e amosan unha *Historia Natural* de 1888 e máis unha *Historia Sagrada* tamén de finais do s. XIX.

Hai tamén unha colección fotográfica de nenos nas escolas, dos enterros dos irmáns García Naveira e do parque «El Pasatiempo», concibido por eles (sobre todo por don Juan) como unha gran enciclopedia pola que os nenos puideran ver e entender o mundo. Hai dous bustos de bronce, que representan a don Juan e don Jesús, de gran calidade, debidos a I. Díaz Baliño e fundidos por Solórzano, e tamén un cadro ó óleo sobre tea de gran formato, obra do pintor coruñés Morelli, que retrata a dona Carmen Etcheverría Olaverri, esposa de don Jesús García Naveira (por certo, a cara é dela, pero o corpo e as xoias baséanse nunha fotografía de súa cuñada, dona María Iribarne Lascort). Ademais vemos pezas salvadas do museo escolar das «Escuelas García Hermanos» (mandíbulas de balea, dous animais disecados, cornamentas de outros, etc.). E, naturalmente, poden ollarse moitos libros escolares.



Fig. 2.- Nenos de Mugardos no Museo das Mariñas, na zona adicada ás ANTIGAS ESCOLAS. Foto: Erias.



Fig. 3.- Óleo de Francisco Javier Martínez Santiso coas escolas e asilo «García Hermanos»
(a colocación da primeira pedra data do 17-VIII-1908, e no 1911 os dous edificios xemelgos xa estaban en pé).

Nesa zona tamén amosamos proxectores cinematográficos escolares e, seguindo esa liña, alí pódese ver unha síntese de instrumentos que simbolizan a modernidade como o proxector de cine máis antigo de Galicia, gramófonos, aparellos de radio, máquinas de escribir, cámaras fotográficas, albums de fotografías do s. XIX, etc. Dous pupitres lembran os vellos tempos xunto a dúas pezas raras: a bandeira das «Escuelas García Hermanos» e a bandeira de «los exploradores de España tropa de Betanzos» dos primeiros *scouts* na cidade.

Pode verse tamén no museo a chamada Sala Fundación Jiménez-Cossío que ten unha serie de pezas de tipo textil que don Manuel Bartolomé Cossío (entre outras moitas cousas, director do «Museo Pedagógico Nacional») e a súa esposa, Carmen López Viqueira, foron recollendo por toda España antes da Guerra Civil. Son bordados, abanos, etc. do s. XIX e de antes, incrementados por pezas de orixe británico, posto que a Inglaterra se tivo que exiliar a familia por causa da mencionada guerra. Esta colección é unha verdadeira xoia, que rezuma o pensamento dun home moi ligado á Institución Libre de Enseñanza, que foi o primeiro en teorizar e dar importancia á arte popular.

En fin, os valores pedagóxicos do Museo non rematan aquí, pero sirva o dito para ter unha imaxe do que o investigador se pode atopar nesta institución e tamén no Arquivo Municipal.

Betanzos, por moitas razóns, pero tamén pola sensibilidade do Concello nos últimos trinta e dous anos (escribo isto en decembro de 2013), é obxectivamente un punto obrigado para coñecer a Historia da Educación en Galicia.



Fig. 4.- Sala da Fundación Jiménez-Cossío no Museo das Mariñas. Foto: Arume.



Fig. 5.- A Boca de Hades ou do Inferno no Pasatempo. Foto: Erias.